

HERE

Bas Devos, 2023

1400

ESTREA EN NUMAX: 04.11.2024 | V.O.S.E. | +7 | 84 min

Stefan, un obreiro da construción romanés que vive en Bruxelas, está a piques de regresar ao seu país. Cociña unha gran pota de sobras que ten na súa neveira para repartila como agasallo de despedida entre amigos e familiares. Xusto cando está listo para marchar, coñece a unha moza chinesa-belga que está preparando un doutoramento sobre musgos. A súa atención cara ao case invisible deteno en seco.

«Un estudo sobrecollectedor da conexión humana e a nosa relación coa natureza»

Tim Grierson, SCREENDAILY



Entrevista con Bas Devos: «Era unha bonita forma de prestar atención, que considero un requisito previo nas nosas relacións cos demais»

Por Aurore Engelen

Cal é a orixe deste proxecto? No meu filme anterior, traballei cun actor e director de teatro romanés, Stefan Got, e tiña moitas ganas de volver traballar con el. Nesa época, eu reflexionaba moito sobre a cuestión dos traballadores estranxeiros en Europa e dinme de conta de que había unha comunidade romana moi grande en Bruxelas, máis de 43000 persoas. Non me decatara e pregunteime por que. Esta invisibilidade relativa parecíame moi estraña, xa que moitos romaneses traballan en hospitais e na construción. Literalmente son os piares da nosa sociedade. Paralelamente, encontrei un libro magnífico dun investigador estadounidense especialista en musgo, que lembra a súa importancia, a súa historia, o seu lugar na natureza.

Quería xuntar estes dous movementos e o que desencadeou a historia, unha historia moi sinxela, foi cando tiveron a idea de Stefan, que se prepara para volver unhas semanas a Romanía e fai unha sopa co que lle queda na neveira para compartila cos seus achegados. Podía apoiarme en algo moi vasto, que une os humanos e en algo moi pequeno, pero fundamental e orixinal.

Ao principio temos o personaxe de Stefan, que se cruzará cunha moza especialista en brioloxía, como tomou forma na túa mente este encontro? Eu escribín moitas versións inacabadas de Stefan pasando dunha persoa a outra coa súa sopa. Pero quería inventar un personaxe que lle fixese querer pararse, que captase a súa atención. Quería unha historia de amor, pero que nos levase máis alá do simple reencontro. Eu quería que ela representase a capacidade de prestar atención. Ata ver o musgo, hai que focalizar a atención, axeonllarse, reconectar coa terra. Pero unha vez o vemos, non podemos ignoralo. Era unha bonita forma de prestar atención, que considero un requisito previo nas nosas relacións cos demais, un tema visual do filme.

A atención require tempo, algo que tamén ofrece o teu cinema. Evidentemente, vivimos nun mundo de distraccións e eu mesmo estou conectado ao mundo a través do meu teléfono intelixente, pero para estar realmente cos demais, vivir o aquí e o agora de maneira máis profunda, hai que poder afastarse do mundo exterior. E gústame que o cinema, a sala onde pechamos a porta durante unha hora e media, intente ofrecer ese santuario. É unha ilusión que me parece magnífica que tamén sinto cando observo o musgo, ou cando miro aos ollos a alguén a quen quero.

No teu filme hai unha verdadeira poesía dos paisaxes urbanos, como pensas os cadros que a compoñen? Buscamos estar moi preto dos personaxes, incluíndoos na súa contorna. Pasamos de primeiros planos a planos máis xerais que nos permiten comprender onde e como se encontra o personaxe. A maior parte destas decisións véñennos naturalmente do espazo. Antes, debatemos o que queremos contar, o potencial poético do filme. Sempre traballei moito no cinema sobre estes dous elementos: o tempo, canto tempo dura un plano, e o espazo, que parte do espazo vemos e como o ocupan os personaxes. Usamos unha ratio bastante específica, en 5:4, algo que nos permite pensar o espazo de maneira diferente, sobre todo a forma na que incluímos dous personaxes nese marco. Eu traballo desde hai bastante tempo co mesmo equipo. Creo que desenvolvemos unha linguaxe común.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Reserva de musgo,
Robin Wall Kimmerer.
Capitán Swing, 2024